

Agora non podemos parar.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

Falamos de...
mocidade



Falamos de mocidade

Protagonistas do cambio

A primeira etapa do cambio

- O compromiso socialista en prol da mocidade enfocouse en tres puntos fundamentais: un **maior benestar e calidade de vida; en máis emprego; e en mellor educación e formación.**
- A pesar da crise económica conseguimos **reducir en 3,2 puntos a taxa de desemprego xuvenil** que nos deixou o PP.
- **4.600 mozos viaxaron ao estranxeiro cunha bolsa** para aprender inglés.
- Investimos máis de 123 millóns de euros en **formación para o emprego** nos mozos, incrementando o investimento por cada mozo en paro nun 76%.
- Avanzamos na integración da Universidade Galega ao Espazo Europeo de Educación Superior. **Incrementamos un 89% o gasto por estudante universitario**, e un 60% o número de estudantes con bolsa.
- Impulsamos a sexualidade saudable. Facilitamos a **gratuidade da pílula “do día despois”**. Con máis formación: coa edición de materiais e a formación de persoal preparado para, confidencialmente, atender as dúbidas da mocidade.
- Puxemos en marcha a primeira “rede de centros” exclusivamente dedicada ao **asesoramento afectivo-sexual.**

A segunda etapa do cambio

- Investiremos 700 millóns de euros para incrementar ata o 50% os mozos e mozas que estuden FP co obxectivo de que o **90% dos titulados en FP atopen traballo** nos seis meses seguintes ao remate dos estudos.
- Crearemos **5.000 “bolsas-salario”** para os estudantes de FP recoñecendo e remunerando adecuadamente o seu esforzo.
- **Os fillos e fillas das familias desempregadas estarán exentas do pago das taxas universitarias.**

Dálle máis forza.



Vota Touriño.
O Presidente.



- Elaboraremos un **Plan de dinamización das asociacións xuvenís**, que conteña como mínimo un estudo da realidade asociativa e un programa de apoio técnico e material ás entidades subvenís.
- Crearemos, en colaboración coas entidades financieras galegas, un fondo para a promoción de **novas iniciativas de microempresas** e de economía social, para mozos e mozas desempregados/as.
- **Estimularemos o desenvolvemento profesional** da mocidade cunha titulación universitaria ou de ciclo formativo de grado superior pouco atractiva para o mercado de traballo, para a súa incorporación ás novas ocupacións a través de programas mixtos de orientación–formación–prácticas profesionais.
- Na próxima legislatura, de feito, **duplicaremos** os estudantes que se poderán beneficiar **das bolsas de inmersión lingüística no estranxeiro**; ata chegar aos 20.000.
- **Multiplicaremos por 2, tamén, a contía das bolsas Erasmus**: para aumentar o número de estudantes e garantir que todos os que as soliciten podan acceder a elas.
- **Desenvolveremos unha nova estratexia de loita contra a anorexia e a bulimia**, en colaboración con empresas, asociacións, federación deportivas e mundo da moda, entre outros, para previr a aparición destes trastornos da alimentación, especialmente nas persoas novas.

Dálle máis forza.

PSG
PSOE



Vota Touriño.
O Presidente.

